



CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA SELECCIONAR 17 PRAZAS PARA A ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE GUNTIN: 17 PRAZAS DE AXILIAR DE AXUDA NO FOGAR. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. XORNADA COMPLETA. DURACIÓN DO CONTRATO: MÁXIMO SEIS MESES POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN E A CREACIÓN DE NOVA BOLSA DE RESERVA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SAF, DE DURACIÓN MÁXIMA DE TRES ANOS QUE SUBSTITUE ÁS ANTERIORES.

PRIMEIRO. Normas xerais

O obxecto das presentes bases é a selección, mediante concurso-oposición, de 17 prazas de auxiliar de axuda no fogar para a área de servizos sociais do Concello de Guntín, en réxime de persoal laboral temporal, e a creación dunha bolsa de reserva mediante concurso-oposición, e anunciando

a convocatoria no BOP de Lugo, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Guntín e na páxina do Concello www.guntin.es.

A habilitación para dar cobertura aos referidos postos é a que figura na “declaración municipal de sectores /servizos prioritarios e esenciais para o exercicio 2024 ”, (acordo do Pleno Municipal do 12 de abril de 2024).

Os postos referidos están adscritos ao Concello de Guntín, área de servizos sociais, e as funcións son as seguintes:

- Atencións domésticas: todas aquelas actividades e tarefas que se realizan de forma continua no fogar relacionadas coa alimentación, limpeza, mantemento da vivenda, etc.
- Atencións persoais: actividades relativas a facilitar ao apoio social efectivo, tales como compañía, hixiene persoal, acompañamento a xestións e mobilización dentro do fogar.
- Axuda ás persoas dependentes.

A vixencia da Bolsa será como máximo de tres anos dende a súa aprobación.

Ao presente concurso será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.

SEGUNDO. Modalidade e duración do contrato e salario.

A modalidade do contrato é segundo as circunstancias de produción.

A xornada de traballo será segundo as necesidades de servizo, de luns a domingo (festivos incluídos).

Retribucións: 1.145'89 euros brutos ao mes máis 75 euros de plus de quilometraxe.





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

TERCEIRO. Definición e finalidade da bolsa.

1. Enténdese por Bolsa de Emprego un sistema de selección para a cobertura das necesidades temporais de persoal.

2. A selección de persoal e a ampliación de dita Bolsa de Emprego teñen como fin dotar ao Concello do persoal máis capacitado e preparado seguindo criterios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade nos casos considerados na lei. Así mesmo ten como fin axilizar os procedementos de dotación de persoal en prol dunha maior eficacia dos Servizos Públicos.

3. A Bolsa de emprego resultante, estará formada por dúas listas en función da puntuación obtida no proceso selectivo.

A primeira lista estará integrada polos candidatos que acrediten o Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar ou titulacións equivalentes. A segunda lista, estará integrada polos candidatos que acrediten declaración de responsable de ter experiencia nas labores a desempeñar.

4. De cada aspirante consignaranse o seu nome e apelidos, e catro díxitos aleatorios do Documento Nacional de Identidade e puntuación obtida.

5. En ningún caso a mera pertenza á Bolsa implicará dereito ningún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente a súa utilización, polos motivos expostos na base primeira, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas Bases.

CUARTO. Condicións de admisión de aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións.

f) Posuír a titulación ou **Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar** ou ter realizado a formación requirida para a súa obtención e ter presentado a solicitude de emisión do título no organismo ao que lle corresponde a emisión, tamén serán válidos os títulos ou certificados de profesionalidade que son válidos para institucións. **Titulacións equivalentes** ou superiores nas ramas socio-sanitaria. Poderán presentarse todos aqueles candidatos que a pesar de non ter a titulación requirida presenten **declaración responsable de ter experiencia** nas labores propias do posto ao que se presentan, **terán preferencia á hora de ocupar as prazas vacantes as persoas que acrediten ter a titulación, valorando a estes en primeiro lugar a continuación ao restante dos candidatos.**

g) Estar en posesión do carné de conducir (B) e dispor de vehículo.

h) Posuír o certificado de Celga 1, equivalente ou superior, debidamente homologado polo Órgano Competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a cualificación de APTO na proba do galego.

Será obrigatorio a superación na proba de galego, para aqueles candidatos que non teñan acreditada xunto coa instancia da solicitude estar en posesión do certificado de Celga 1, equivalente ou superior.

Página 2 de 10





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

Quedarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que coa instancia da solicitude presenten o certificado de Celga 1, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente en materia da política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co Art.35 do Decreto Lexislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2000 do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no Art.35 do Decreto Lexislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución ``sen dicionario`` dun texto de castelán o galego e/ ou de galego a castelán, ou ben unha entrevista en galego. Esta proba valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo, obter o resultado de APTO. Correspondéndolle o tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de APTO.

Os anteriores requisitos e os específicos que se esixen para a praza deben reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo.

QUINTO. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse á Sra. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín, e presentaranse no rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, no prazo de **CINCO días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria No BOP DE LUGO. O anuncio e as bases íntegras, publicaranse tamén no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do mesmo.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- a) Solicitude de participación anexa a estas Bases.
- b) Fotocopia de DNI.
- c) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- d) Titulación a cal da acceso a convocatoria ou declaración responsable de ter experiencia nas labores propias do posto.
- e) Documentación xustificativa dos méritos alegados, incluíndo a vida laboral e copia dos contratos.
- f) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- g) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.
- h) Fotocopia do carné de conducir e declaración de dispor de vehículo.

A compulsa da anterior documentación deber facer o aspirante que resulte seleccionado.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar nas súas solicitudes, podendo demandar unicamente a súa modificación, mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias de





solicitud, establecido nas presentes bases.

SEXTO Admisión de aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo **de 2 días**, coa lista provisional de admitidos e excluídos. Na resolución, que se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do mesmo. Farase constar a causa da exclusión e concederáse un prazo de **3 días hábiles** para subsanación. Na mesma publicación transcorrido o prazo de subsanación, aprobarase a lista de aspirantes admitidos con carácter definitivo, publicándose o anuncio no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do mesmo. No mesmo anuncio farase constar a designación nominal do Tribunal así como a citación dos aspirantes para a realización da fase de oposición, sinalando lugar e hora.

De non existir excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 10 días dende a finalización do prazo para a presentación. Transcorrido dito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

SÉPTIMO. Tribunal cualificador

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Os Tribunais Cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario.
- Vogais que determine a convocatoria.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.





PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

FASE CONCURSO (8 PUNTOS)

Nesta fase avaliaranse os méritos alegados por os/as aspirantes no momento de presentar a instancia para tomar parte neste proceso selectivo, tendo en conta o seguinte baremo:

EXPERIENCIA PROFESIONAL (PUNTUACIÓN MÁXIMA 5 PUNTOS)

- Por cada ano traballado na administración pública (acreditado mediante contrato de traballo que deberá aportar copia e aparecer reflectido na Vidal Laboral) en funcións similares as do posto obxecto da presente convocatoria: 0.20 puntos por mes traballado.
- Por cada ano traballado na empresa privada (acreditado mediante contrato de traballo que deberá aportar copia e aparecer reflectido na Vidal Laboral) en funcións similares as do posto obxecto da presente convocatoria: 0.10 puntos por mes traballado.

FORMACIÓN: (PUNTUACIÓN MÁXIMA 3 PUNTOS)

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver

- Cursos de máis de 50 horas: 0.50 puntos
- Cursos de entre 20-50 horas: 0.20 puntos.
- Cursos de menos de 20 horas: 0.10 puntos

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas de acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas e puntuarase con 0.10 puntos por curso.

Acreditará este punto, mediante a presentación do certificado de profesionalidade ou a través da documentación que acredite a realización da actividade formativa e solicitude do correspondente certificado.

FASE OPOSICIÓN (25 PUNTOS)

Consistirá na realización de un exercicio que puntuará como máximo 25 puntos, sendo obrigatorio e eliminatorio.

O exercicio consistirá en contestar por escrito a un exame tipo test de 25 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1 punto. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total. Puntuará como máximo 25 puntos. A puntuación mínima para superar o exercicio será 5 puntos.

As preguntas versará sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

Proba de galego:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego, para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude, estar en posesión do certificado Celga 1, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado Celga1, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario,





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

dun texto de castelán ao galego e/ou do galego a castelán, ou ben unha entrevista en Galego.

Este exercicio valorarase como apto ou no apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle o tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

NOVENO: Cualificación

Tal e como se recolle no apartado cuarto das presentes Bases, **baremarase en PRIMEIRO LUGAR**, tanto na fase de concurso como na fase de oposición os méritos dos candidatos que posúan a titulación ou Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar ou teñan realizado a formación requirida para a súa obtención e teñan presentado a solicitude de emisión do título no organismo ato que lle corresponde a emisión, tamén serán válidos os títulos ou certificados de profesionalidade que son válidos para as institucións. **Titulacións equivalentes** ou superiores nas ramas socio-sanitarias. **Cos candidatos deste proceso de selección, elaborarse unha primeira lista que será polo que se empece a facer os chamamentos para contratar.**

Baremarase **en SEGUNDO LUGAR** aqueles candidatos que a pesar de non ter titulación requirida presenten declaración responsable de ter experiencia nas labores propias do posto ao a que se presentan. Con estes candidatos, elaborarse unha segunda lista pola que se fará n os chamamentos para contratar unha vez que xa non haxa candidatos dispoñibles na primeira.

A fase concurso ten unha puntuación máxima de 8 puntos

A fase de oposición ten unha puntuación máxima de 25 puntos.

A cualificación final, está composta pola puntuación acadada na fase de concurso máis a puntuación acadada polos aspirantes que superaron a fase de oposición

No caso de empate:

- Primeiro por aquel aspirante que obtivera maior puntuación no exercicio.
- Segundo, por aquel aspirante que obtivera maior puntuación no concurso de méritos.
- Terceiro. Entrevista curricular.
- No caso de persistir o empate, farase sorteo ante a presenza das aspirantes.

DÉCIMO: BOLSA DE RESERVA:

Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal adoptará o acordo propoñendo a relación das persoas aspirantes que integrarán a bolsa de emprego temporal para a categoría de persoal de axuda no fogar, ordenadas de maior a menor puntuación obtida, no Taboleiro de Edictos e na páxina Web do Concello de Guntín.

Dita proposta do Tribunal elevarase á Alcaldía, ou órgano competente por delegación, para que dite a resolución aprobando a creación da ampliación da bolsa de emprego temporal de Persoal de Axuda no Fogar.

Cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características, obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirá a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/primeira deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a estea, e sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra neste intre cos requisitos do punto tres destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que debera xustificarse mediante documentación necesaria.

As licenzas por maternidade seguidas de vacacións ou outras licenzas cubriranse pola mesma persoa se se producen secuencialmente e sen interrupción.





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

En ningún caso a mera pertenza á Bolsa implicará dereito ningún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente a súa utilización, polos motivos expostos na base primeira, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas Bases. En todo caso, o Concello, de forma xustificada, poderá convocar “ex profeso” un proceso selectivo para cubrir postos vacantes ou contratos temporais, aínda que houberse constituída unha Bolsa de Emprego.

As retribución a percibir serán as mesmas que as establecidas para as prazas obxecto da presente convocatoria.

Cando un/unha dos/as aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra una das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

A duración da bolsa será como máximo de 3 anos.

DÉCIMO PRIMEIRO. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo, a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio da Convocatoria BOP DE LUGO.

Publíquese esta convocatoria de probas selectivas e a remisión ás súas correspondentes bases no Taboleiro de Anuncios do Concello de Guntín e na páxina Web.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do emprego público de Galicia.

En Guntín, na data da sinatura electrónica

O Alcalde,

Asdo.: Ángel Pérez Rodríguez

ANEXO I





Temario

- Tema 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.
- Tema 2.- Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.
- Tema 3.- O municipio de Guntín. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do Municipio. Distribución xeográfica e parroquial, orografía, infraestruturas.
- Tema 4.- Ordenanza municipal reguladora do Servizo de axuda no fogar do Concello de Guntín, publicada no BOP Lugo nº. 133, de 12 de xuño de 2014.
- Tema 5.-O envellecementos, Aspectos xerais do envellecemento.
- Tema 6.- O ancián como enfermo crónico.
- Tema 7.-Necesidades sociais e humanas no envellecemento.
- Tema 8.- Principios xerais das Nacións Unidas a favor das persoas de idade.
- Tema 9.- O servizo de axuda a domicilio (SAF)
- Tema 10.-O/A Auxiliar de Axuda no fogar (AAF). Normas de actuación do AAF.
- Tema 11.-Actuacións de carácter doméstico, Actuacións de carácter persoal e Actuacións de carácter xeral.
- Tema 12.- Fisiopatoloxía no ancián: sistema circulatorio, sistema dixestivo, Sistema hepático, biliar e pancreático, endocrino, hormonas sexuais, sistema músculo-esquelético, sistema respiratorio e órganos dos sentidos.
- Tema 13.-Síndrome de inmunodeficiencia adquirida.
- Tema 14.- Psicoxeriatría e Psicopatoloxía máis frecuente na ancián
- Tema 15.- O malos tratos nas persoas maiores.
- Tema 16.- Rehabilitación e Terapia ocupacional.
- Tema 17.-O paciente terminal e crónico, asistencia.
- Tema 18.- Coidados *post mortem*. O duelo
- Tema 19.- Actuar ante situación de urxencia: principais técnicas de reanimación cardio-pulmonar. Feridas e hemorraxias. Queimaduras. Intoxicacións. Corpos estraños.
- Tema 20.- Prevención de accidentes da persoa maior na vivenda: as caídas, organización do espazo, iluminación, cuarto de baño, usos e aparatos eléctricos e a cociña





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

ANEXO II

CONCELLO DE GUNTIN

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- DENOMINACIÓN:
- RÉGIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL

II.- DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI.:	TELÉFONO FIXO: MÓBIL:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓD. POSTAL:

III.- MANIFESTO: que sendo coñecedor da convocatoria de contratación , para a ampliación da bolsa de emprego de reserva vixente de data 19/10/2021, a través de Decreto de Alcaldía 2021-0301.

— **Publicación no diario O Progreso de Lugo.**

IV.- DECLARO: Que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V.- SOLICITO:

Teña por presentada a presente instancia de solicitude dentro do prazo conferido ao efecto, sexa admitido fin de participar no proceso selectivo de concurso para a provisión de ditos postos, para o que presento e asino a presente solicitude.

Xúntanse os seguintes documentos:

-
-
-
-
-
-
-
-

Guntín, de de 2024.

(Asinado)





MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/DNA..... con DNI:.....

Con domicilio

Teléfono

DECLARO FORMALMENTE:

- 1) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparme inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparme incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- 2) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.
- 3) Dispoñer de carné de conducir e vehículo.

En, a de de 2024.

